



*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se ten por desistidas da súa petición ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación ou non emendaran a súa solicitude de participación no prazo establecido para estes efectos nos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A), convocados mediante a Orde do 14 de febreiro de 2025 (DOG n.º 32, do 17 de febreiro de 2025)*

Mediante Resolución do 10 de abril 2025 desta dirección xeral, publicada na páxina web da consellería o día 10 de abril de 2025, aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas nos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A), convocados mediante a Orde do 14 de febreiro de 2025 (DOG n.º 32, do 17 de febreiro de 2025).

O apartado terceiro da dita resolución establecía un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas interesadas puideran formular as reclamacións que considerasen oportunas e, de ser o caso, emendasen os defectos que motivaran a súa exclusión, estipulando que, de non facelo así, serían definitivamente excluídas do procedemento selectivo. Este prazo abrangía desde o 11 de abril ata o 28 de abril de 2025, amolos dous incluídos.

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no parágrafo segundo da base terceira, epígrafe quinta (base 3.6), da antedita Orde do 14 de febreiro de 2025, logo de transcorrido o prazo concedido para formular reclamacións e emendar defectos, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Ter por desistidas da súa petición ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación ou non emendaran os defectos da súa solicitude de participación, no marco deste procedemento, no prazo establecido para estes efectos de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Segundo. Publicar esta resolución no portal web desta consellería. Esta publicación surtirá efectos de notificación ás persoas interesadas consonte ao establecido no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun (1) mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet desta consellería de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses a contar desde a mesma data ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

